



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Cultura



Memoria 2020



Xacobeo 2021

Memoria 2020

INDICE

- 1. Estatísticas de bibliotecas**
- 2. Directorio de bibliotecas públicas de Galicia**
- 3. Rexistro e integración na Rede de Bibliotecas de Galicia**
- 4. Formación**
- 5. Promoción do libro e da lectura na Rede de Bibliotecas Pública de Galicia**
- 6. Mellora das coleccións bibliográficas**
- 7. Adecuación de infraestruturas e equipamentos**
- 8. Informatización da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia**
- 9. Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia**
- 10. Outras actuacións na Rede de Bibliotecas de Galicia**
- 11. A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia e o Covid19**

1. Estatística de bibliotecas

A Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, elabora a estatística anual da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a partir dos datos que proporciona cada unha destas bibliotecas, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG num. 122 do 27.05.2012) que di: *As persoas titulares das bibliotecas da rede terán a obriga de proporcionaren información relevante sobre persoal, fondos, orzamentos, instalacións, servizos, número e tipo de usuarios e usuarias e, en xeral, toda aquela sobre operacións e demais actividades contidas nos programas estatísticos anuais da Xunta de Galicia.*

Para a recollida de datos a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro pon a disposición das bibliotecas públicas da rede un cuestionario estatístico realizado en coordinación coa Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura y Deporte, que recolle as suxestións e recomendacións feitas polo Grupo de Traballo de Estatísticas de Bibliotecas Públicas. O formulario é accesible vía web e as bibliotecas introducen os datos, mediante cobertura directa na ferramenta informática habilitada na páxina web do portal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, no enderezo: <http://rbgalicia.xunta.es/enquisa2019/estadisticas-2019>

Estatística 2020

A apertura para a cobertura da estatística comezou o 4 de maio e o prazo para cubrir as enquisas das bibliotecas públicas para o ano 2019 permaneceu aberto ata o 15 de xullo. Unha vez pechado o prazo de introdución de datos por parte das bibliotecas, das 350 ás que se dirixiu a estatística, cubriron a enquisa 299, polo que desde o Servizo do Sistema de Bibliotecas contactouse directamente cos 51 centros que non a cubriron, para intentar que, coa axuda e asesoramento dos técnicos do Servizo, cubran polo menos os campos básicos, sen ningún éxito.

Durante os meses de xullo a setembro levouse a cabo a depuración do cuestionario.

O Servizo do Sistema de Bibliotecas realizou unha primeira comprobación e, posteriormente, unha corrección e depuración máis exhaustiva. Trátase de comprobar que os datos sexan coherentes, tanto ao nivel interno como con respecto a anos anteriores. A estrutura do formulario permite facer un control da coherencia interna dos datos facilitados polos responsables das bibliotecas, xa que existen moitos campos interrelacionados.

Finalizada a depuración de datos, envíanse os datos a Alazira, programa estatístico do Ministerio de Cultura, e posteriormente a publicación na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Estatística 2019.

Cubriron a enquisa 299

Non cubriron 51

Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia	
Visitas	5.193.510 (1,92 visitas/hab.)
Colección total da rede	6.940.144 documentos (2,57 doc./hab.)
Documentos adquiridos 2019	263.248 (renovación da colección 3,85%)
Usuarios da rede	839.589 (porcentaxe poboación inscrita 31,10 %)
Novos usuarios	44.512
Préstamos	2.065.007 (2,46 prést./usuario; 0,76 pret./hab.)
Actividades realizadas	16.291

2. Directorio de bibliotecas públicas de Galicia

O directorio proporciona información, de interese e utilidade tanto para os profesionais do sector como para os cidadáns, das bibliotecas públicas e os seus puntos de servizo, das axencias de lectura e das bibliotecas de especial interese para Galicia situadas en Galicia.

Neste directorio están recollidos os datos básicos para a localización, titularidade, órgano xestor, persoa responsable e vinculación a rede.

O directorio actualízase anualmente, cos datos recollidos na estatística de bibliotecas públicas, no apartado de datos identificativos e xerais da biblioteca ou axencia de lectura: nome, titularidade, financiamento, puntos de servizo, forma de acceso, etc

Datos 2020:

Total bibliotecas ou axencias de lectura:

- Abertas: 340
- Abertas sen servizo bibliotecario: 25
- Pechadas: 91
- Pechadas temporalmente: 12

3. Rexistro e integración na Rede de Bibliotecas de Galicia

Poden solicitar a integración dun servizo bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia os titulares dos centros bibliotecarios fixos xa existentes e tamén poden integrarse os centros bibliotecarios de nova creación. Para poder acceder á integración na Rede de Bibliotecas de Galicia, unha biblioteca deberá estar previamente inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

No ano 2020

Integrouse a Biblioteca pública municipal de Barro

Orde do 23 de xuño de 2020 pola que se resolve a integración da Biblioteca Pública Municipal de Barro na Rede de Bibliotecas de Galicia (DOG núm. 133 do 6 de xullo de 2020).

Renovación dos convenios de integración na Rede

A Consellería de Cultura e Turismo como órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de bibliotecas. Dentro dese ámbito competencial, o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, regula os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas públicas na Rede de Bibliotecas de Galicia que mediante a sinatura dun convenio, comprométense a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.

Deste xeito os concellos ou institucións que contan cos seus servizos bibliotecarios integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia, trala formalización de todos os trámites

requiridos para tal fin e para que a integración na Rede sexa firme e efectiva, asinaron un convenio.

Para dar resposta ao establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, que regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49 h) no prazo de tres anos dende a súa entrada en vigor. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, o convenio inicial mantivo a súa vixencia durante un prazo de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei, o 1 de outubro de 2016.

Rematado o período de transición establecido na devandita D.A. 8ª da Lei, cómpre realizar esta adaptación ao disposto no artigo 49 h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración, que non poderá ser superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo previsto, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia e os concellos ou institucións acordan a renovación do compromiso de integración dos centros bibliotecarios na Rede a través da formalización dun novo convenio co obxecto de actualizalo, adaptalo e axustalo á nova normativa de aplicación. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas públicas municipais de Galicia que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder ás axudas públicas que convoca a Consellería de Cultura e Turismo anualmente así como a todos os demais recursos que lle ofrece a administración autonómica á local neste ámbito.

Durante o 2020 levouse a cabo a sinatura de 198 novos convenios de integración, trátase da adaptación dos anteriores convenios con vixencia indefinida para adaptarse a nova normativa polo que os convenios teñen unha duración de 4 anos, con prórroga

expresa(addenda) aos 4 anos ata un máximo de 8 anos (artigo 49 da Lei 40/2015).

4. Formación

4.1 Cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, no marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, asume a súa función de formación dos profesionais que desempeñan as súas tarefas nos centros da Rede organizando cursos de formación en materia de bibliotecas que achega temas de interese tratados por expertos de recoñecido prestixio.

A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro programou 7 cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia. Os que se organizan como cada ano en colaboración coa EGAP e que son presencias e que estaba previsto realizar nos meses de marzo e abril, tiveron que suspenderse debido ao confinamento motivado polo Covid19, quedan pendentes de realizar no ano 2021:

- Axenda 2030 e bibliotecas: oportunidades e retos
- O expurgo na colección das bibliotecas públicas

Na selección de cursos 2020, que a continuación se relacionan, inténtase prestar unha especial atención ao proceso técnico, as novas tecnoloxías e aos usuario.

Cursos 2020	
Organizados pola Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, en liña	
Curso	Datas
Catalogación básica en formato MARC 21	7 ao 27 de setembro
A comiteca na biblioteca pública: xestión e promoción	10 ao 30 de setembro

Cursos 2020	
Creación e dinamización de Clubs de lectura fácil	14 ao 18 de setembro
Como deseñar unha presentación para as actividades da biblioteca	18 de setembro ao 14 de outubro
Organización e prestación de servizos e recursos bibliotecarios con e para persoas maiores	28 de setembro ao 26 de outubro
Aplicacións móbiles e bibliotecas	1 ao 15 de outubro

Alumnos participantes	Orzamento cursos	Importe
160	Consellería de Cultura, Educación e Universidade	10.016 €

4.2 Bolsas de formación en biblioteconomía

A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, consciente de que un dos elementos fundamentais no funcionamento das bibliotecas é a cualificación e preparación técnica dos seus responsables, potencia a formación inicial do persoal bibliotecario coa realización de prácticas en bibliotecas que permitan non só a formación nas diversas áreas destes centros, senón tamén contacto diario e directo dos beneficiarios, durante un tempo suficiente, cos problemas e demandas reais dunha biblioteca ou centro de documentación, debidamente guiados por persoas con coñecementos e experiencia abondo, como medio de promoción profesional.

Convocatoria

Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios. (DOG núm 27 do 10 de febreiro de 2020).

Duración: 7 meses

Importe total: 226.012,71 € (Importe pago bolseiros: 214.830€; Importe pago Seguridade Social: 11.182.71€)

Importe individualizado de cada bolsa: 930 €/mes

Centros de destino: Biblioteca de Galicia (8 bolseiros); Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés (4 bolseiros); Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal (4 bolseiros); Biblioteca Pública de Lugo (4 bolseiros); Biblioteca Pública de Ourense (4 bolseiros); Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola (4 bolseiros); Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel (4 bolseiros); Biblioteca Pública Municipal de Ferrol (1 bolseiro).

bolseiros formados	Centros de destino	Orzamento
33	8 bibliotecas	226.012,71€

5. Promoción do libro e da lectura na Rede de Bibliotecas Pública de Galicia

5.1 Ler conta Moito



Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas da Rede promovido pola Secretaría Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coas entidades locais. A Secretaría Xeral de Cultura financia o 75% dos custos das actividades programadas. As entidades locais con bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia que se adhiren a este programa cofinancian o 25% restante destes custos.

O programa conta cun Catálogo de actividades de dinamización da lectura realizadas por profesionais ou colectivos con experiencia neste ámbito, en diversas categorías: obradoiros creativos, narración oral, divulgación do coñecemento, audiovisual na biblioteca, actividades de dinamización con música, teatro e danza, exposicións e itinerarios guiados. Dirixidas a: bebés: 0 a 3, nenos e nenas, mocidade, adultos e colectivos con necesidades especiais.

O Catálogo de actividades renovase cada ano, a partir das propostas presentadas

As bibliotecas públicas que participan en Ler conta moito seleccionan no Catálogo de actividades 2020 as actividades que van a realizar. As actividades realizadas poden consultarse no blog de Ler conta moito (<http://blogs.xunta.es/lercontamoito/>).



Ano 2020

1.- Convocatoria para actualización do Catálogo de actividades 2020

A convocatoria publícase o 26/11/2019, na páxina web da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal>.

Despois da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria configúrase un catálogo formado por 538 actividades dispoñibles no enderezo <http://rbgalicia.xunta.es/rbgler/listado-lercontamoito/> para que as bibliotecas públicas municipais poidan consultalas para a súa selección.

2.- Programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2020

ORDE do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG nº 27 de 10 de febreiro de 2020)

Orzamento destinado para a programación de actividades

Orzamento inicial: 195.000 €

Concellos beneficiarios das axudas:

Concellos da CC.AA. Galega na data de publicación da orde: 313

Concellos solicitantes: 188

concellos subvencionados: 181

Bibliotecas subvencionadas: 227

Concellos excluídos: 7

Concellos que renuncian: 11

Concellos con xustificacións fora de prazo ou que non xustifican: 25

Concellos pagados: 145

Total da subvención pagada: 146.183,07

As bibliotecas subvencionadas programaron actividades de animación á lectura no marco do programa *Ler conta moito* realizan as súas propostas de programación sobre a base do **catálogo *Ler conta moito* 2020**. O período de programación das actividades comprendeu do 20 de xullo ao 27 de outubro do 2020.

Bibliotecas e concellos que xustificaron	Actividades realizadas	Importe xustificado e pagado	Remanente
97 Bibliotecas públicas municipais de 86 concellos	560 actividades	146.183,07	48.816,74

5.2 Programación cultural nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

As bibliotecas programaron ao longo do ano numerosas actividades culturais para todas as idades e todos os públicos:

Actividades de animación á lectura para nenos

Co fin de achegar a biblioteca ao público infantil e promover a animación á lectura,

desenvólvese un programa de actividades permanentes para os máis pequenos ao longo do ano.

O programa desenvólvese en torno a tres actividades:

- Sesións de animación á lectura
- Sesións de contacontos
- Actividades puntuais: monicreques, teatro, maxia, encontros con autor/ilustrador...



Visitas guiadas – Formación de usuarios

Teñen como obxectivo dar a coñecer o centro e os seus servizos, formando os usuarios para a súa utilización. Establecen relacións coa comunidade escolar, con colectivos ou asociacións de diverso tipo e captan novos usuarios.



Mostras bibliográficas e exposicións

As bibliotecas reúnen os documentos que tratan sobre un tema de actualidade, que conmemoran un feito ou promocionan e difunden os seus fondos para amosalos aos seus lectores. Tamén amosan todo tipo de exposicións tanto de creación propia como exposicións itinerantes producidas por outros organismos.



Cafés e conversas de idiomas

A para todos os que están a aprender unha lingua estranxeira e queren practicar con outras persoas que están na mesma situación. Trátase de que todas aquelas persoas interesadas en practicar a expresión oral en diferentes idiomas se reúnan na biblioteca para falar dun modo libre e informal. Non se trata de clases de conversación, polo que non hai profesores nin obrigas. É un encontro libre entre xente cun interese común: practicar unha lingua estranxeira.

Certames literarios, de debuxo, banda deseñada, fotografía...

As bibliotecas convocan anualmente diversos certames de narración, poesía e debuxo para conmemorar datas como o Nadal, Letras Galegas ou o Entroido. Van dirixidos principalmente aos nenos.



Clubs de lectura

Esta actividade ven desenvolvéndose nas bibliotecas públicas de xestión autonómica dende fai anos. Con motivo da celebración no 2010 do Ano da Lectura, impulsamos a ampliación desta actividade que consideramos central dentro dos obxectivos da animación á lectura nas bibliotecas públicas. Ao longo do ano

realízanse clubs de lectura para adultos, mozos e nenos. En diversidade de idiomas: castelán, galego, inglés, francés, portugués, etc. e de tipos de obras como banda deseñada, narrativa, poesía, lectura fácil, etc



Aprendizaxe

Actividades dirixidas que pretenden axudar aos participantes a completar a súa formación ao longo de toda a vida, en diferentes campos: idiomas, ofimática e navegación por internet, filosofía...

Ofértanse cursos diversos sobre novas tecnoloxías (informática básica, aplicacións ofimáticas, redes sociais, etc.), obradoiros de literatura, cursos e cafés de idiomas... para nenos, adultos e tamén para maiores que queren manterse activos exercitando a lectura e a memoria.



Outras actividades:

As bibliotecas están abertas a todo tipo de actividades culturais: obradoiros, recitais, concertos, mesas redondas, conferencias...

Actividades puntuais para conmemorar as datas destacadas cada ano no Calendario do Libro e a Lectura ou o mes da ciencia en galego nas bibliotecas.



Orzamento anual por biblioteca para actividades culturais

- Biblioteca pública da Coruña Miguel González Garcés: 16.000€
- Biblioteca pública de Lugo: 13.000€
- Biblioteca pública de Ourense: 15.000€
- Biblioteca pública de Pontevedra Antonio Odriozola: 14.000€
- Biblioteca pública de Santiago Ánxel Casal: 14.000€
- Biblioteca pública Juan Compañel: 26.000€

Total 98.000 €

Actividades realizadas nas 6 bibliotecas	Total actividades
Actividades de animación á lectura para nenos	263
Visitas guiadas – Formación de usuarios	108
Mostras bibliográficas e exposicións	129
Certames literarios, de debuxo, banda deseñada, fotografía...	19
Cafés e conversas de idiomas	24
Clubs de lectura (nº de clubs)	41

Clubs de lectura (nº total de sesións de todos os clubs)	416
Aprendizaxe	175
Outras actividades	135

6. Mellora das coleccións bibliográficas

A finalidade é posibilitar a mellora dos fondos bibliográficos que configuran as coleccións das bibliotecas públicas de Galicia, mediante a adquisición de novidades bibliográficas, co fin de colaborar a súa actualización e mantemento e deste xeito dar cumprida resposta ás demandas dos usuarios. Achegar aos usuarios recursos electrónicos accesibles en web que completen a colección física e promocionar e difundir a lectura dixital.

6.1 Subvencións a entidades locais para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas da súa titularidade

Orde do 8 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG, nº 27, do 10 de febreiro de 2020).

Convócanse conxuntamente as dúas liñas de subvención a entidades locais de Galicia para bibliotecas e/ou axencias de lectura, programa A: subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e programa B: subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas.

Programa A: Novidades editoriais en galego para as bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia

Orzamento destinado para adquisición de novidades editoriais en galego.

Dotación orzamentaria inicial: **250.000 €**

Concellos beneficiarios das axudas

Concellos da CC.AA. Galega na data de publicación da orde: 313

Concellos que solicitaron: 181

Concellos subvencionados: 179

Concellos beneficiarios de axudas por tramo de poboación e cantidade concedida

Poboación	Concellos beneficiarios	Importe concedido
<2.000 hab.	29	487 €
2.001 a 5.000 hab.	50	974 €
5.001 a 10.000 hab.	50	1.461 €
10.001 a 20.000 hab.	31	1.949 €
20.001 a 30.000 hab.	8	2.436 €
30.001 a 50.000 hab.	7	2.924 €
Máis de 50.000hab.	4	3.411 €

Editoras que participan como entidades colaboradoras:

Editoriais dadas de alta na plataforma: 48

Editoriais que tiveron vendas: 39

Editoriais que non recibiron pedidos: 9

Libros ofertados polas editoriais

Títulos que se subiron á plataforma: 495

Títulos aprobados: 489

Títulos denegados: 6

Títulos vendidos: 458

Exemplares vendidos: 16.130

Xustificación da subvención

Concellos que compraron: 176

Concellos que non compraron: 3

Orzamento 2020	Importes
Crédito inicial	250.000 €
Importe xustificado	233.159,44 €
Crédito sobrante	16.840,56 €

Programa B: Mellora das colección bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia

Orzamento destinado para adquisición de fondos bibliográficos.

Dotación orzamentaria inicial: 300.000 €

Concellos solicitantes: 156

Concellos beneficiarios: 154

Concellos excluídos: 2

Concellos beneficiarios de axudas por tramo de poboación e cantidade concedida

Poboación	Concellos beneficiarios	Importe concedido
<2.000 hab.	20	772 €
2.001 a 5.000 hab.	41	1.449 €
5.001 a 10.000 hab.	47	1.932 €
10.001 a 20.000 hab.	28	2.415 €
20.001 a 30.000 hab.	7	2.898 €
30.001 a 50.000 hab.	7	3.864 €
Máis de 50.000hab.	4	4.830 €

Xustificación da subvención

Concellos que xustificaron: 140

Concellos que non xustificaron: 14



Orzamento 2020	Importes
Crédito inicial	300.000 €
Importe xustificado	264.804,63€
Crédito sobrante	35.195,37€

Orde extraordinaria

Orde extraordinaria do 21 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

Programa A: Novidades editoriais en galego para as bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia

Dotación orzamentaria inicial: **100.000 €**

Concellos que solicitaron: 141

Concellos subvencionados: 140

Concellos excluídos: 1

Concellos que compraron: 134

Concellos que non compraron: 6

Editoras que participan como entidades colaboradoras:

Editoriais dadas de alta na plataforma: 48

Editoriais que tiveron vendas: 39

Editoriais que non recibiron pedidos: 9

Libros ofertados polas editoriais

Títulos que se subiron á plataforma: 524

Títulos aprobados: 521

Títulos denegados: 3

Títulos vendidos: 491

Exemplares vendidos: 6.086

Xustificación da subvención

Concellos que xustificaron: 130

Concellos que non xustificaron: 10

Orzamento 2020	Importes
Crédito inicial	100.000 €
Importe xustificado	90.077,49€
Crédito sobrante	9.922,51€

Programa B: Mellora das colección bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia

Dotación orzamentaria: 200.000

Concellos solicitantes: 127

Concellos beneficiarios: 124

Concellos excluídos: 3

Xustificación da subvención

Concellos que xustificaron: 120

Concellos que non xustificaron: 4

Orzamento 2020	Importes
Crédito inicial	200.000 €
Importe xustificado	189.245,49 €
Crédito sobrante	10.754,51 €

6.2 Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ferrol para a xestión da Biblioteca Municipal Central

A través deste convenio establécense as condicións para a mellora dos servizos bibliotecarios que presta a Biblioteca Municipal Central de Ferrol mediante o financiamento da actualización e diversificación da súa colección bibliográfica e documental e das actividades de dinamización bibliotecaria e documental.

O Concello de Ferrol achegará un total de 23.000 € destinados a:

- Mellora das coleccións: 18.000 €
- Actividades culturais de dinamización bibliotecaria: 5.000 €

A Consellería contribuirá coa achega de 12.000 € coa seguinte finalidade:

- Mellora das coleccións: 6.000 €
- Actividades de dinamización bibliotecaria e cultural: 6.000 €

Como mínimo, un 25% do total do investimento realizado na mellora da colección, os fondos bibliográficos deberán estar en lingua galega.

6.3 Mellora das colección bibliográficas das bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

As bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade contan cun orzamento anual que ten por obxecto a actualización e mellora das coleccións. Converter a colección nun recurso dinámico coa chegada constante de materiais novos e a saída de materiais antigos para que sexan importantes para a comunidade e teñan un nivel aceptable de actualidade.

Biblioteca	Orzamento
Biblioteca pública da Coruña Miguel González Garcés	40.000,00 €
Biblioteca pública de Lugo	37.000,00 €

Biblioteca pública de Ourense	39.000,00 €
Biblioteca pública de Pontevedra Antonio Odriozola	36.000,00 €
Biblioteca pública de Santiago Ánxel Casal	36.000,00 €
Biblioteca pública Juan Compañel	50.000,00 €
Total	238.000,00 €

O orzamento destinase a adquisición de:

- **Novidades:** as bibliotecas completan os seus fondos coa compra de novidades. Publicacións que van aparecendo no mercado o longo do ano. Este tipo de fondos deben incorporarse a colección da biblioteca de forma inmediata co fin de ir actualizándoa e pola grande demanda que teñen entre os usuarios.
- **Suxestións de compra:** os usuarios solicitan a biblioteca a compra de obras non existentes nos fondos da biblioteca. Este servizo e cada vez máis utilizado polos lectores, incrementándose cada ano o número de fondos adquiridos baixo demanda.
- **Substitución de fondos por deterioro o perda:** o servizo de préstamo bibliotecario é o máis demandado polos usuarios, o que fai que certo tipo de obras (material audiovisual, obras de ficción, novidades...) se deteriorenen rapidamente polo alto número de préstamos que soportan. Este tipo de fondos debe ser novamente adquiridos de forma inmediata para que o servizo responda a demanda destes documentos.

6.5 Recursos electrónicos en rede

Banco de Contidos de AulaPlaneta: o maior banco de contidos dixitais en lingua española, constitúe un recurso dirixido tanto ao público adulto como ao infantil e xuvenil, que conta con innumerables materiais de consulta de todas as áreas do coñecemento. Este recurso está dispoñible e accesible en GaliciaLe para os usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Dirixidos ao persoal bibliotecario

EPI: El profesional de la información: revista sobre comunicación, información, indicadores, bibliotecas y tecnoloxías de la información.

CDU Online: versión actualizada e completa do sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU). Este novo soporte conta cunha serie de utilidades que serven para facilitar a busca, a navegación, o análise, a validación, a presentación e a construción dos números da CDU. A CDU en liña está sempre actualizada e posta ao día coa última versión oficial. Ferramenta indispensable para todas as bibliotecas que facilita o traballo de catalogación ao persoal técnico.

Orzamento anual: 18.454,71 €

6.5 Adquisición de fondos para Club de Lectura de Galicia

O Club de Lectura de Galicia é un servizo de apoio e coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas e proporcionar os fondos para o seu desenvolvemento.

A vocación última da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia supón a creación e extensión dunha verdadeira rede comunitaria de fondos accesibles para clubs de lectura no que as bibliotecas públicas xogan un papel moi relevante a través dos seus respectivos grupos de lectura.

Os fondos destinados aos clubs de lectura están, fisicamente centralizados e instalados na Biblioteca de Galicia. A súa difusión é a través do Catálogo Colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia. O número de exemplares por título é de 21 co fin de ofrecer aos clubs de lectura tantos exemplares como participantes teñan.

Co fin de aumentar a colección destinada ao servizo de Clubs de Lectura de Galicia adquiríronse novos títulos para completar a colección de fondos, considerando as demandas dos clubs, incorporando libros en diversos idiomas, banda deseñada e libros de lectura fácil.

No ano 2020: incorporáronse 65 novos títulos.

Orzamento: 20.000 €

Colección dispoñible:

· Por lingua

Lingua	Títulos	Exemplares
Alemán	9	200
Castelán	834	17.093
Francés	83	1.623
Galego	291	5.359
Inglés	106	2.452
Italiano	34	699
Portugués	75	1.311
TOTAL	1.432	28.737

· Por tipoloxía dos fondos: narrativa, teatro, poesía, banda deseña e lectura fácil.

Este servizo ten unha grande demanda por parte das bibliotecas debido o incremento da posta en funcionamento de novos clubs de lectura nas bibliotecas. No ano 2019:

Bibliotecas que solicitaron libros para os seus clubs de lectura	Exemplares prestados
98	4.866

6.7 GaliciaLe plataforma do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas



GaliciaLe é a plataforma de préstamo en liña do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas, a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a

través da Secretaría Xeral de Cultura. Nesta plataforma, en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte, ponse á disposición de toda a cidadanía galega unha importante colección de títulos de libros electrónicos, en castelán e galego.

É un servizo innovador que lle ofrece a toda a cidadanía a posibilidade de tomar en préstamo, de forma gratuíta, obras en formato dixital de temáticas diversas, a través das bibliotecas públicas galegas. O servizo é accesible para todos os usuarios das bibliotecas públicas galegas, 24 horas ao día, 7 días a semana e 365 días ao ano, a través da rede.

Soamente é necesario ter o carné de lector dalgunha das bibliotecas públicas da Rede, conexión a internet e rexistrarse na plataforma para obter as claves de acceso: nº de acceso e contrasinal. Sen necesidade ir a biblioteca, directamente na rede, a un click permite tomar en préstamo ata un máximo de dous libros durante un prazo de 21 días.

Unha vez realizado o préstamo, a persoa usuaria pode optar pola lectura en liña ou descargar o libro electrónico en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles, PCs, ordenadores persoais e lectores electrónicos.

1. Colección

Por formatos	
Libros electrónicos	5.396 títulos
Revistas	35 títulos
Películas	324 títulos
Audiolibros	212 títulos*
Libros interactivos	1 título
Banco de datos	1 título
TOTAL	5.969 títulos

* A pesar da adquisición de 30 novos audiolibros, o número total en 2020 (212) descendeu en 10 respecto a o 2019 porque 40 títulos caducaron. Non foi posible a súa reposición debido a que a editorial, polo de agora, retirounos da venda para os servizos de préstamo dixital.



Por catálogos	
Catálogo galego	1.441 títulos
Catálogo en castelán	4.528 títulos
TOTAL	5.969 títulos

Por idiomas	
Castelán	4.474 títulos
Galego	1.306 títulos
Catalán	114 títulos
Inglés	52 títulos
Outras linguas (éuscaro, italiano, portugués, francés)	23 títulos
TOTAL	5.969 títulos

Público destinatario	
Adultos	4.613 títulos
Infantil e xuvenil	1.356 títulos
TOTAL	5.969 títulos



2. Uso da colección

	Préstamos						
	2014 (20/10/2014- 31/12/2014)	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	2.332	10.204	10.651	12.928	28.240	47.519	122.771
Catálogo galego	1.014	3.014	3.476	4.009	6.472	8.625	26.673
TOTAIS	3.346	13.218	14.127	16.937	34.712	56.144	149.444

3. Usuarios activos

	Usuarios activos						
	2014 (20/10/2014- 31/12/2014)	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	985	2.148	1.438	2.012	3.354	4.902	11.363*
Catálogo galego	427	969	1.051	1.224	1.787	2.398	8.048

* O número de usuarios activos anuais do catálogo en castelán corresponde aos existentes ata o 25/11/2020. Debido á migración a unha nova plataforma, non é posible obter, polo de agora, os datos anuais completos relativos a este indicador.

4. Inversións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

	Gasto en renovacións	Gasto en novidades	TOTAL
Catálogo en castelán	31.195,23 €	31.197,29 €	62.392,52 €
Catálogo galego	34.750,22 €	78.957,84 €	113.708,06 €
Totalidade GaliciaLe (Catálogo en castelán + Catálogo galego)	65.945,45 €	110.155,13 €	176.100,58 €

Actuacións 2020

O 2020 foi o ano de consolidación de GaliciaLe ao constituírse como un servizo capaz de atender as necesidades culturais e de lecer da cidadanía durante o período de confinamento motivado pola pandemia. A súa evolución posterior demostra que son moitos os lectores que decidiron

modificar as súas prácticas de lectura ou amplialas ao incluír o formato electrónico e GaliciaLe no seu día a día, tal e como demostra o notable incremento de usuarios activos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o reforzo da colección, iniciado en 2018, mantido en 2019, e redobrado en 2020 con novos títulos e formatos, permitiu atraer un maior número de lectores cumprindo así co obxectivo inicial de inclusión de todos os públicos. Así mesmo, o incremento de licenzas por título contribuíu a unha maior rotación e a que máis persoas puideran ler simultaneamente unha mesma obra, dando así resposta ás novas necesidades xurdidas desde o inicio da pandemia.

Finalmente, é preciso facer unha mención especial ao enorme esforzo realizado polo persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, durante todo ano 2020 e moi especialmente durante o confinamento, na difusión de GaliciaLe, na resolución de dúbidas dos lectores e na cooperación co obxectivo de ofrecer o mellor servizo posible á cidadanía.



7. Adecuación de infraestruturas e equipamentos

7.1 Inversións en equipamentos e reparacións e melloras nas infraestruturas nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O obxectivo de esta actuación é mellorar as condicións destas bibliotecas que por mor dos cambios sociais e tecnolóxicos sufridos nos últimos anos orixinaron unha transformación radical nos hábitos de consulta e uso das bibliotecas, facendo obsoletas as infraestruturas e o mobiliario vixente.

Investimentos 2020 executados:

Biblioteca	Equipamento e mobiliario	Obras e reparacións
Biblioteca pública da Coruña Miguel González Garcés	4.000,00 €	3.297,97 €
Biblioteca pública de Lugo	1.586,00 €	9.250,66 €
Biblioteca pública de Ourense	580,45 €	-----
Biblioteca pública de Pontevedra Antonio Odriozola	7.447,27 €	43.975,36 €
Biblioteca pública de Santiago Ánxel Casal	2.587,59 €	5.261,69 €
Biblioteca pública Juan Compañel	4.800,00 €	-----
Total	21.001,31 €	61.785,68 €

Pendente de execución para 2021

No ano 2020 licitouse o contrato para a subministración e instalación de armarios móbiles compactos para a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola. O obxecto deste contrato é dar resposta á necesidade de espazo e almacenaxe dos fondos patrimoniais que custodia a biblioteca, nas mellores condicións físicas, medioambientais e de seguridade que requiren este tipo de fondos.

O contrato adxudicouse á empresa Eypar, S.A., no mes de xaneiro de 2021 e ten un prazo de execución de 2 meses, por un importe total de 48.279,00 €

7.2 Investimentos en bibliotecas públicas municipais

Orde do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se convocan para o ano 2020 (DOG nº 34, do 19 de febreiro de 2020)

Dotación orzamentaria inicial: **500.000 €**

Dotación orzamentaria correspondente aos proxectos subvencionados para locais de bibliotecas públicas: **120.908,25 €**

Concellos beneficiarios das axudas

Concellos da CC.AA. Galega na data de publicación da orde: 313

Concellos solicitantes para proxectos de bibliotecas públicas: 27

Concellos subvencionados: 13

Concellos que xustificaron e cobraron a axuda: 13

Do orzamento de 500.000 € dispoñible no exercicio 2020 destinado á dotación de equipamento e mellora de instalacións para a realización de actividades culturais, ás bibliotecas públicas municipais en particular, concedéuselles un total de 120.908,25 €, dos cales as entidades beneficiarias que xustificaron o gasto realizado percibiron un total de 115.632,33 € o que representa o 95,64% do orzamento destinado a locais de bibliotecas públicas.

Orzamento 2020	Importes
Crédito inicial	500.000 €
Importe concedido B.P.M	120.908,25 €
Importe pagado B.P.M	115.632,33 €
Importe non executado B.P.M	5.275,92 €



8. Informatización da Rede de bibliotecas públicas de Galicia

8.1 Catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia

Os traballos para incorporar novas bibliotecas ao SIX estanse a desenvolver en fases para facilitar a correcta integración dos catálogos que están a funcionar na actualidade na rede galega. A terceira fase comeza a dar os primeiros pasos no ano 2018 e o novo sistema integrado de xestión bibliotecaria xa era unha realidade en 233 bibliotecas públicas, dende principios do ano 2020. Como aínda quedan bastantes bibliotecas públicas pendentes de integrar no SIX mediante migración, levouse a cabo por parte de AMTEGA unha ampliación do contrato correspondente a terceira fase para a integración de 45 novas bibliotecas e novos desenvolvementos do programa de xestión. A integración destas 45 novas bibliotecas públicas municipais realizouse en dúas partes. A primeira parte levouse a cabo entre os meses de marzo a xuño coa incorporación de 15 bibliotecas e a segunda parte a partir de xullo coa migración das seguintes 30 bibliotecas.

Polo que a finais de 2020 forman parte do Catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas de Galicia:

- Biblioteca de Galicia
- 6 Bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura
- 251 Bibliotecas e Axencias de Lectura pública municipal
- 22 Bibliotecas especializadas

Simultaneamente á integración das bibliotecas estanse levando a cabo os traballos de desenvolvemento, mellora e actualización do programa.

A evolución do programa a unha nova versión máis actualizada e con novas e mellores prestacións levouse a cabo o 20 de xuño, sendo unha realidade e comezando a traballar nela todas as bibliotecas o 22 de xuño.

Formación

Con antelación á integración das bibliotecas no SIX o persoal das bibliotecas recibe un curso de formación que, dadas as circunstancias actuais como consecuencia do Coronavirus, se realizaron en liña a través de videoconferencia e con materiais adaptados. Trátase dunha formación teórico/práctica sobre o funcionamento dos distintos módulos do programa e a realización de prácticas e resolución de dúbidas.

9. Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia



No ano 2020, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade convoca una nova edición do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia por *Orde do 29 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases do premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2020* (DOG nº 160 de 11 de agosto de 2020).

Ten como obxectivo impulsar e visibilizar os proxectos e boas prácticas levadas a cabo polas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, que busquen resultados positivos para a persoa usuaria, que sexan pertinentes e adecuados ao contexto local onde se implantan. Son sostibles no tempo e

fomentan a réplica nunha situación distinta pero en condicións similares. Son innovadores (entendendo que a innovación non só implica unha nova acción senón un modo diferente e creativo de realizar prácticas tradicionais ou de reorganizalas).

A subvención diríxese a todas as entidades locais ou agrupacións de concellos de Galicia que sexan titulares de bibliotecas públicas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Establécese un único premio de 3.000 € e un distintivo de biblioteca innovadora.

Presentáronse un total de 9 proxectos candidatos ao premio:

- *Animando e dinamizando a lectura dende Xermade*, Biblioteca Pública Municipal de Xermade.
- *Biblioteca accesible. Un proxecto de integración social da axencia de lectura do Concello de Bóveda*, Axencia de Lectura Municipal de Bóveda.
- *Biblioteca en streaming*, Biblioteca Pública Municipal do Grove.
- *Destronavirus*, Biblioteca Pública Municipal de Camariñas.
- *...E a biblioteca estaba alí*, Biblioteca Pública Municipal “Valle-Inclán” de Redondela.
- *Ler ábrenos as portas do mundo*, Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros.
- *Ler nos tempos do COVID*, Biblioteca Pública Municipal de Beariz.
- *O Bibliobebé*, Biblioteca Pública Municipal de Camariñas.
- *Relendo a vida*, Biblioteca Pública Municipal Enrique Riveira Rouco do Concello das Pontes de García Rodríguez.

A Comisión de Valoración do premio de innovación bibliotecaria de Galicia 2020, reunida o 25 de setembro e formada por:

María Cristina Rubal González, subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro, presidenta.

Consuelo Meiriño Sánchez, xefa do Servizo do Sistema de Bibliotecas, vogal.

Concepción Serrano Plaza, directora da Biblioteca Pública de Vigo “Juan Compañel” vogal.

Jesús Torres Junquera, director da Biblioteca Pública de Santiago “Ánxel Casal” vogal.

Anxo Alberte Gil, coordinador técnico da Biblioteca Pública Municipal de Vigo “Neira Vilas”, vogal.

Albino Alonso Rodríguez, coordinador técnico da Biblioteca Pública Municipal do Porriño, vogal.

Eugenio Gómez Barreiro, vogal de Bamad (en representación de Xoan Manuel Pérez Lijó, secretario de Bamad), vogal.

Elena Sánchez Muñoz, técnico superior de bibliotecas da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, secretaria.

Acordou propoñer a concesión do III Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020 ao proxecto:

Biblioteca accesible. Un proxecto de integración social da axencia de lectura do Concello de Bóveda, Axencia de Lectura Municipal de Bóveda

A comisión destaca o valor deste proxecto no que a biblioteca pública se constitúe como unha institución integradora, a través da lectura, de toda cidadanía e, moi especialmente, daqueles usuarios e usuarias con diversidade funcional. Así mesmo, salienta o seu papel catalizador e de cohesión social mediante a colaboración con outras institucións e axentes da contorna e co resto da comunidade á que atende a biblioteca.

A comisión de valoración do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2020 tamén fixo unha mención especial ás iniciativas presentadas nesta edición nas que queda patente a capacidade de resposta da biblioteca pública ante unha situación sobrevida como é a da pandemia por COVID-19. A variedade e amplitude das actividades que se desenvolveron son unha mostra indiscutible do papel destas institucións como ferramentas de apoio social á comunidades

O secretario xeral de Cultura, entregou ao alcalde de Bóveda o premio o 23 de outubro no acto que tivo lugar na Biblioteca de Galicia.

11. Outras actuacións na Rede de Bibliotecas de Galicia

Novembro mes da ciencia en galego nas bibliotecas



Con motivo do Día Mundial da Ciencia, que se celebra o día 10 de novembro en todo o mundo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon en marcha o "Mes da ciencia en galego nas Bibliotecas".

Co lema **ler e vivir a ciencia en galego**, a Biblioteca de Galicia e as bibliotecas públicas da Coruña Miguel González Garcés, de Pontevedra Antonio Odriozola, de Vigo Juan Compañel, de Santiago Ánxel Casal, de Lugo e de Ourense, xestionadas pola Secretaría Xeral de Cultura, realizaron 31 actividades con múltiples propostas para animar a grandes e pequenos a conmemorar o Mes da Ciencia, exposicións, conferencias, obradoiros, mostras bibliográficas, ciclo de cine, coloquios, guías de lectura, espectáculos de maxia e teatro, concursos e sesións de xogos...

O encargado da realización do Manifesto no ano 2020 foi o profesor, investigador e divulgador científico Xurxo Mariño.



Celebración das datas máis salientables nas bibliotecas públicas de xestión autonómica

Os centros bibliotecarios de xestión autonómica conmemoran anualmente as datas do **Calendario do Libro e a Lectura** cunha ampla oferta de actividades dirixida a diferentes públicos: obradoiros, charlas, concursos, exposicións, contacontos, sesións de maxia, teatro, música, etc. Propostas para achegar a cidadanía a lectura e aos servizos bibliotecarios. A programación pode consultarse nas páxinas web de cada biblioteca e en cultura.gal, con toda a información e horarios.



- Día do usuario/a das bibliotecas

O 11 de xaneiro para celebrar a data as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade programaron diversas iniciativas: visitas guiadas para coñecer as instalacións e os servizos que ofrecen as bibliotecas, obradoiros, sorteos de lotes de libros, nomeamento de Socios de Honra, que recaerá nos tres usuarios infantís e nos tres adultos con máis préstamos durante o ano 2020.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas: 23

- Día da ilustración

O 30 de xaneiro celébrase o Día da ilustración. Este día, que forma parte do Calendario do libro e da lectura de Galicia desde o ano 2014, toma como data de referencia o día do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O Día da Ilustración 2020 homenaxea Cándido Fernández Mazas (1902-1942). Incluído pola crítica no grupo «Os Novos» (con Maruja Mallo, Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro e Manuel Torres Martínez), ten influencias do fauvismo, do Art Decó e, en especial, do pintor Amedeo Modigliani.

En colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) a Consellería de Cultura, Educación e Universidade edita un cartel conmemorativo da data que cada ano deseña un ilustrador/a galego/a e no que se presentan as actividades que realizan as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería. No 2020 o cartel foi deseño por Xulia Pisón, ilustradora e autora de cómics e membro do colectivo de ilustradores *Miñoco* co que participou en varias exposicións.

As bibliotecas públicas galegas conmemoran esta efeméride cunha chea de actividades. O total de actividades realizadas nas bibliotecas de xestión autonómica: 18



- Día do Libro e Día das Letras Galegas

O 23 de abril Día do Libro e o 17 de maio Día das Letras Galegas, no ano 2020 e debido a pandemia, coincidiron co confinamento domiciliario e o peche das bibliotecas, a programación conmemorativa destas datas foi realizada de forma virtual sen necesidade de presenza física na biblioteca adaptando actividades e iniciativas

para crear unha oferta de servizos culturais a través de páxinas web, blogue e redes sociais, entorno ao libro e ao homenaxeado Ricardo Carvalho Calero.

- Día da biblioteca

O 24 de outubro celebrouse o Día da Biblioteca. Na Rede de bibliotecas públicas de Galicia son moitas as actividades que se organizan para celebrar este día. Así, as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolveron ao longo de toda a semana unha extensa programación. Obradoiros, xornadas de portas abertas, contacontos, visitas guiadas, liberación de libros e mostras bibliográficas son algunhas das propostas. Tamén se recoñeceu os mellores lectores adultos e infantís coa entrega de premios “Superlectores”, consistente en lotes de libros para os usuarios e usuarias con maior número de préstamo.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas públicas de xestión autonómica: 27

11. A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia e o Covid19

As bibliotecas públicas galegas pecharon todas, desde o día 16 de marzo. Nun primeiro momento, o persoal dalgunha biblioteca realizaba o seu traballo nos centros a porta pechada pero maioritariamente desde o principio do estado de alarma e en concreto desde o 30 de marzo o persoal das bibliotecas galegas traballa desde as súas casas con medios telemáticos sempre que nos seus lugares de confinamento conten con estes medios.

As bibliotecas aínda que pechadas ao público continúan a súa relación cos usuarios e prestando todos os servizos que se poden ofrecer de forma virtual sen necesidade de presenza física na biblioteca e adaptando actividades e iniciativas para crear unha oferta de servizos culturais a través de páxinas web, blogue e redes sociais.

Atención e información ao usuario telefonicamente, por correo electrónico e a través de páxinas web e redes sociais. Algunhas bibliotecas seguen realizando préstamo a través de servizos municipais que prestan outras axudas.

A colección dixital GaliciaLe, se reforzo con novas adquisicións tanto para o catálogo galego con libros e audiovisuais como para o catálogo en castelán eBiblio. Tamén e mentres durou esta situación de confinamento abriuse GaliciaLe a toda a cidadanía, aínda que non teña carné de biblioteca, soamente con rexistrarse en GaliciaLe reciben as claves de acceso. Finalizado o confinamento, dispoñen de 30 días para achegarse á biblioteca para solicitar o carné e seguir gozando das vantaxes de GaliciaLe. Difundiuse en medios de comunicación e redes sociais cun Vídeo promocional sobre o novo autorregistro de GaliciaLe.

Isto unido ao importante labor de todas as bibliotecas na difusión deste servizo entre os usuarios fixo que os préstamos e o número de usuarios crecese de forma moi importante, durante o confinamento, tendencia que se segue mantendo aínda coas bibliotecas abertas.

O uso deste servizo consolidouse entre todo tipo público, tamén para os escolares que acceden ás súas lecturas obrigatorias e complementa as coleccións dixitais das bibliotecas escolares.

As páxinas das bibliotecas e as súas redes sociais convértense no foro de información e acceso a recursos culturais e de todo tipo. Moitas bibliotecas conmemoran con iniciativas e actividades de creación propia, datas importantes como o Día da poesía, do libro infantil, realizan recompilacións de contidos culturais dixitais e material descargable; tamén se comparten vídeos tutoriais sobre o funcionamento de ferramentas dixitais e plataformas de contidos, exposicións virtuais como realiza a Biblioteca de Galicia. Utilízanse por parte das bibliotecas hashtag específicos nas redes sociais como #QuedaNaCasa, #aculturasegue, #quedanacasele...

Esta tendencia que se iniciou coa etapa de confinamento e peche das bibliotecas, continua tamén cunha tendencia á alza. Moitas bibliotecas seguen con iniciativas e actividades de creación propia que promocionan e realizan a través destas ferramentas dixitais para o seu contacto cos seus usuarios. Combínase as actividades presenciais coas virtuais.

As bibliotecas puideron programar actividades en streaming dentro do programa de dinamización da lectura Ler conta moito que convoca anualmente a Consellería de Cultura para as bibliotecas públicas da Rede a través do seu catálogo actividades e que este ano contemplo esta opción.

Tamén os club de lectura virtuais é outra modalidade de actividades que se están realizando en liña en moitas bibliotecas de Galicia para complementar os presenciais.

Tamén na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <https://rbgalicia.xunta.gal/>, foise informando das medidas que se adoptaron durante o estado de alarma referentes á Rede.

O primeiro protocolo que publicou a Comunidade Autónoma foi o de medidas de funcionamento das Bibliotecas de xestión autonómica a partir do 22 de xuño ata o levantamento da emerxencia sanitaria. Estas medidas fóronse adaptando ás distintas disposicións sanitarias que se foron aprobando ao longo de todo este período pola Xunta de Galicia. Todas as medidas referentes a bibliotecas foron tamén aprobadas polo Comité de Seguridade e Hixiene no Traballo da Consellería de Cultura.

Durante o confinamento e co peche dos centros, en xeral, non hai devolucións de documentos prestados. Co a etapa da desescalada e a volta a nova normalidade o Ministerio de Sanidade estableceu un período de corentena para todos os documentos das bibliotecas, para o que se preparou o programa de xestión

bibliotecaria da Rede para que se contemplara este estado dos documentos. Superada a etapa de transición o 13 de xuño publicouse a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade cara a unha nova normalidade para o que se elaborou un protocolo coas medidas de funcionamento para as bibliotecas de xestión autonómica. Entre as medidas establecidas non se contemplou a necesidade do depósito temporal de libros despois de cada uso, debido a que nese momento non existía ningunha evidencia sanitaria sobre a transmisión do Covid19 a través do papel.